



USO OBRIGATORIO DE LENTES



USO OBRIGATORIO DE CALZADO DE SEGURIDADE



USO OBRIGATORIO DE PROTECTOR AUDITIVO

RISCO

PRECAUCIÓN/MEDIDAS DE SEGURIDADE



PERIGO! CAIDA DE OBXECTOS

- Manexar a máquina só **persoal autorizado**
- Usar obrigatoriamente o calzado de seguridade
- Liberar de obstáculos as inmediacións do trade
- Almacenar de forma segura e ordenada tanto as pezas en bruto como as xa mecanizadas. Se as pezas son de pequeno tamaño utilizaranse contedores axeitados
- Non amontoar materiais detrás do persoal traballador



PERIGO! PROYECCIÓN DE PARTICULAS

- Usar obrigatoriamente lentes de seguridade ou pantalla de protección contra impactos cando se tradee ou se affen as brocas
- Suxeitar firmemente cun dispositivo de amarre a peza que se vai tradear
- Retirar todas as ferramentas, materiais soltos..., antes de comezar a tradear. As brocas axustaranse e suxeitaranse co trade parado
- Limpar o cono do eixe antes de axustar a broca



PERIGO! CORTES DE MANS

- Parar o trade en todas as operacións de comprobación e axuste. Tamén para retirar unha peza ou eliminar lascas
- Recoller as lascas periodicamente, manter limpa a zona de traballo e nunca retirar coas mans as lascas producidas
- Non achegar a cabeza nin as mans ao eixe xiratorio
- Gardar nun soporte especial as brocas segundo os seus diámetros: co fio cara abaixo para evitar cortes ao collelas
- Situar as ferramentas, calibres, aceiteiras..., onde poidan ser alcanzados con facilidade, sen necesidade de achegar o corpo á máquina



PERIGO! RISCO DE ATRAPAMENTO

- Utilizar roupa que non sexa moi frouxa (especialmente nas mangas) e non levar aneis, reloxos, cadeas, pulseiras ou calquera outro obxecto que se poida enganchar. Non traballar con barba ou cabelo longo sen recoller
- Non usar luvas mentres o trade estea en marcha
- Nunca suxeitar coa man a peza ao traballar
- Manter as mans afastadas da broca durante o mecanizado
- Parar a máquina e desconectala da corrente eléctrica ao terminar o traballo



PERIGO! ANXA DE RUÍDO PERIGOSO

- Usar obrigatoriamente a protección auditiva

REALIZADO	MODIFICADO
<p>Servizo de Prevención de Riscos Laborais</p> <p>M.ª José Montero Vilariño    Carmen Álvarez González</p> <p>Data: 19/12/2013</p>	<p>Data:</p>